O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.



En data 28/02/2022 con núm. de rexistro WEB2022010012, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Nigrán* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 373.708,83 €, con destino ao financiamento do investimento “*Urbanización da praza Rosalía de Castro*”, en base a un orzamento do mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2022	373.708,83	373.708,83	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	373.708,83	373.708,83	0,00	0,00

En datas posteriores, o Concello emenda as deficiencias detectadas na documentación presentada.

No relativo á titularidade e da documentación que obra no expediente infírese que a praza na que se vai a actuar non está inventariada. Sobre este particular consta o informe do Arquitecto Municipal, de data 28/02/2022, no que se indica que a actuación desenvólvese en solo urbano consolidado, cualificado como zona verde e equipamento deportivo, como resultado da xestión urbanística da Unidade de actuación nº 4. Achégase, así mesmo, o proxecto de compensación que foi protocolarizado notarialmente na data de 14/01/2003 e inscrito no rexistro da propiedade núm. 2 de Vigo.

Figura no expediente o informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial. No referido informe indícase que a execución do proxecto non precisa de autorización sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Regulatoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida.

Fundamentación xurídica:

I.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.



- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 22/04/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, da mesma data, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 18/05/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Nigrán*, CIF P3603500D, a cantidade de 373.708,83 € no Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, con destino ao financiamento do investimento “*Urbanización da praza Rosalía de Castro*” (Expte.2022013189), en base a un orzamento polo mesmo importe.

Non obstante, a presente concesión debe quedar condicionada á achega da acta de trazado previo e a presentación do acordo de aprobación do proxecto técnico. Esta documentación deberá ser remitida antes da licitación do investimento ou, en todo caso, xunto coa primeira xustificación.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26/11/2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, consonte ao recollido na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31/12/2023 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2024.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Nigrán*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



6.31767.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SANXENXO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN DA PRAZA PÚBLICA DE VILALONGA - SANXENXO”. (Expte. 2022009482)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.



De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 23/02/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Sanxenxo, na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 775.136,57 euros, con destino ao financiamento “*Humanización da Praza Pública de Vilalonga - Sanxenxo*”; en data 18/03/2022 consta a entrada no rexistro da Deputación nova petición debido a un erro material, pasando o importe solicitado a 911.206,95 euros cun orzamento por importe de 911.206,95 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	911.206,95	911.206,95	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	911.206,95	911.206,95	0,00	0,00

En datas posteriores o Concello emenda as deficiencias observadas na documentación aportada inicialmente dando resposta así ao requirimento efectuado formalmente por este servizo.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas e Mobilidade, consta no expediente dita autorización.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 25/04/2022.



Fundamentación xurídica:

Normativa examinada

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 25/04/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 25/04/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 19/05/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Sanxenxo* CIF P3605100A a cantidade de 911.206,95 €, con destino ao financiamento do investimento “*Humanización da Praza Pública de Vilalonga-Sanxenxo*” (Expte.2022009482) cun orzamento polo importe de 911.206,95 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	911.206,95	911.206,95	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	911.206,95	911.206,95	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na vinculación xurídica da aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución das obras ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.



- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Sanxenxo deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Sanxenxo*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.31768.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE OFICINAS DE *TURISMO INFO RÍAS BAIXAS* CORRESPONDENTES AO ANO 2022 (Expte. 2022004421)

I. Antecedentes

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2022 acordou aprobar as bases reguladoras das subvencións en concorrencia competitiva para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo “*Info Rías Baixas*” correspondentes ao ano 2022.

As bases reguladoras das subvencións e o extracto das mesmas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 60 de 28 de marzo de 2022 e no portal da Base de Datos Nacional de Subvencións.



O prazo de presentación de solicitudes era dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). En consecuencia, o prazo de presentación de solicitudes comezou o 29 de marzo de 2022 e rematou o 28 de abril de 2022.

II. Fundamentación xurídica e técnica:

1. Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.
- Bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo “Info Rías Baixas” correspondentes ao ano 2022 publicadas no BOPPO nº 60 de 28 de marzo de 2022.

2. Consideracións xurídicas e técnicas:

Consta no expediente o informe do órgano instructor do expediente sobre a valoración das solicitudes, informe favorable de Intervención sobre a mesma e informe da comisión de valoración, emitidos o 23 de maio de 2022.

3. Competencia:

O órgano competente para a concesión das subvencións e desestimación das solicitudes é a Xunta de Goberno, conforme ao establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais en concordancia coa base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2022.



En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Estimar as seguintes solicitudes e conceder as subvencións co importe indicado:

NIF/CIF	Entidade	Orzamento	Solicitud	Puntuación	Importe asignado	% orzamento
P3600300B	Concello de Baiona	18.113,70 €	14.000,00 €	91	13.585,28 €	75,00%
P3606000B	Concello de Vilagarcía de Arousa	14.000,00 €	14.000,00 €	82	10.185,00 €	72,75%
P3600021D	O.A. Terra de Sanxenxo	22.837,56 €	14.000,00 €	78	13.580,00 €	59,46%
P3604100B	Concello de Poio	9.333,00 €	7.000,00 €	76	6.789,76 €	72,75%
P3600600E	Concello de Cambados	14.000,00 €	14.000,00 €	76	10.185,00 €	72,75%
P3603500D	Concello de Nigrán	18.585,00 €	13.939,60 €	72	13.241,81 €	71,25%
P3602200B	Concello de o Grove	18.600,00 €	14.000,00 €	72	13.252,50 €	71,25%
P3602300J	Concello de A Guarda	23.541,45 €	14.000,00 €	71	13.300,00 €	56,50%
P3600800A	Concello de Cangas	25.000,00 €	14.000,00 €	66	13.300,00 €	53,20%
P3603100C	Concello Mondariz Balneario	10.455,66 €	7.000,00 €	62	6.650,00 €	63,60%
P3605500B	Concello de Tui	21.719,50 €	14.000,00 €	62	13.300,00 €	61,24%
P3604200J	Concello de Pontearreas	8.470,00 €	6.352,50 €	42	5.780,78 €	68,25%
P3601500F	Concello de Cuntis	10.823,01 €	7.000,00 €	42	6.370,00 €	58,86%
P3601700B	Concello de A Estrada	9.300,00 €	6.975,00 €	34	6.347,25 €	68,25%
P3600500G	Concello de Caldas de Reis	9.055,93 €	6.790,00 €	32	6.178,90 €	68,23%
P3605200I	Concello de Silleda	8.600,00 €	6.450,00 €	31	5.869,50 €	68,25%
P3601000G	Concello de Catoira	9.708,65 €	6.796,05 €	30	6.048,48 €	62,30%
P8600004I	Concello de a Illa de Arousa	10.000,00 €	7.000,00 €	30	6.230,00 €	62,30%
P3604500C	Concello de Redondela	5.900,00 €	5.900,00 €	23	3.938,25 €	66,75%
P3604600A	Concello de Ribadumia	9.400,00 €	7.000,00 €	22	6.230,00 €	66,28%
P3603400G	Concello das Neves	8.470,00 €	6.352,00 €	22	5.653,73 €	66,75%
P3603600B	Concello de Oia	8.000,00 €	6.000,00 €	16	5.340,00 €	66,75%
P3602900G	Concello de Moaña	9.438,00 €	7.000,00 €	12	6.090,00 €	64,53%
P3605000C	Concello de Salvaterra de Miño	5.408,35 €	4.056,26 €	10	3.528,95 €	65,25%
P3600400J	Concello de Bueu	6.715,50 €	5.036,62 €	10	4.381,86 €	65,25%
P3602600C	Concello de Marín	9.988,55 €	7.000,00 €	8,5	6.090,00 €	60,97%
P3604800G	Concello do Rosal	3.899,71 €	2.920,00 €	8	2.540,40 €	65,14%
P3602700A	Concello de Meaño	8.852,82 €	6.639,61 €	6	5.776,47 €	65,25%
					219.763,92 €	



Segundo.- Dispoñer o gasto na aplicación orzamentaria 22/433.4320.462.03 por importe de douscentos dezanove mil setecentos sesenta e tres euros con noventa e dous céntimos de euro (219.763,92 €) a favor dos beneficiarios da subvención e polos importes individuais concedidos.

8.31769.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “REFORZO DO FIRME NA E.P. 7007 COUSO- SAN MIGUEL DE BARCALA, DENDE O P.Q. 5+683 AO P.Q. 8+071 (CONCELLO DA ESTRADA)”. (Expte. 2022029859)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala no termo municipal de A Estrada pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que Logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na estrada E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, no treito comprendido entre o p.q. 5+683 ó p.q. 8+071, é necesario proceder a ampliación da superficie da calzada e o reforzo do firme existente entre os mencionados puntos quilométricos, co fin de mellorar a seguridade viaria da mesma xa que actualmente o firme encóntrase bastante deteriorado, debido principalmente ás condicións meteorolóxicas, ó tráfico de vehículos e a unha deficiente drenaxe da plataforma o que ocasiona danos e perda de material en algunhas zonas.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello da Estrada)*”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro Sergio Daniel Orosa López, adscrito á empresa Proyestegal, S.L., o proxecto de execución da obra “*Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso- San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello da Estrada)*” cun orzamento base de licitación de 829.033,11 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) L7E1HV8MTB3QS71A.



Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 829.033,11 €, con número de operación 202200090287 con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 19/05/2022 emitíu informe a xefa do Servizo de Fiscalización, recollendo o seguinte “...*Segundo o proxecto, non é necesaria ningunha autorización derivada da normativa sectorial aplicable. CONCLUSIÓN Polo exposto, coas observacións e recomendacións formuladas que deberán terse en conta, infórmase favorablemente o expediente...*”

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...*a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...*”

Considerando.- Que o artigo 235 do mesmo texto legal, recolle que para contratos de obras cun orzamento base de licitación inferior a 500.000 € o informe de supervisión será facultativo, salvo que se trate de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Reforzo do firme na E.P. 7007 Conso- San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello da Estrada)*” redactado polo enxeñeiro *Sergio Daniel Orosa López*, adscrito á empresa *Proyestegal, S.L.*, cun orzamento base de licitación de 829.033,11€, IVE incluído. A este proxecto asígnouse o código (CSV) L7E1HV8MTB3QS71A.

9.31770.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVICIO DE DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN E DESINFECCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSIS (DDD)” (Expte.2021047872)

Por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 25 de febreiro de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do “*Servizo integral de DDD (Desinsectación, Desratización e Desinfección) e control da lexiionelosis nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da



Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28 de febreiro de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica da Deputación de Pontevedra (Vortal).

A Mesa de Contratación na reunión do día 17 de xaneiro de 2022 procedeu a efectuar a apertura electrónica e cualificación dos sobres únicos, correspondentes á documentación administrativa e técnica avaliable con criterios automáticos presentados polas empresas licitantes e observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa *Tragal, S.L. (B 36028231)* presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado para 1 ano de contrato para o Lote 2 (Servizo Control Lexionelosis) polo que se require xustificación, tal e como se indica certificado da mesa con (CSV: II2CH367E2FOJIX4).

Achegada a documentación requirida a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (REXWEB 2022016156), o servizo de Medio Ambiente, mediante informe de data 26 de abril de 2022 (CSV:OKQV4Z94RI89MV0Z), considera que a xustificación presentada pola empresa xustifica de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de Contratación que fora admitida.

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 28 de abril de 2022, procedeu a clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas presentadas polas empresas que concorren ao procedemento aberto simplificado convocado para a prestación do “*Servizo integral de DDD (Desinsectación, Desratización e Desinfección) e control da lexiionelosis nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” que queda da seguinte forma:

LOTE nº 1

EMPRESAS	PUNTUACIÓN
TRAGAL, S.L. (B 36028231)	100,00
COSAPLAG, S.L.U. (B 94074861)	97,017
SANIASTUR, S.L. (B 33065251)	90,293
AGRONERGA, S.L. (B 36448652)	75,330
SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A. (A 15030414)	60,781
ARUMIA, SL (B 15656580)	50,896

LOTE nº 2

EMPRESAS	PUNTUACIÓN
TRAGAL, S.L. (B 36028231)	100,000
SANIASTUR, S.L. (B 33065251)	80,583
COSAPLAG, S.L.U. (B 94074861)	77,338
SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A. (A 15030414)	53,686
ARUMIA, SL (B 15656580)	44,955
AGRONERGA, S.L. (B 36448652)	4,295



Con base na referida clasificación, a Mesa de Contratación aproba a clasificación das ofertas e acorda propoñer ao órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación dos dous Lotes do contrato en favor da empresa *Tragal, S.L. (B 36028231)*, polos prezos e valores ofertados para cada un dos mesmos, tal e como se indica no certificado da mesa (CSV: UW6RQA7H8XJ13U93).

Mediante comunicación electrónica do Secretario da Mesa de data 02 de maio de 2022, notificouse á referida empresa para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que recibira o requirimento presentara a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.

Dentro do prazo establecido, a empresa *Tragal, S.L. (B 36028231)*, proposta para a adxudicación dos Lotes 1 e 2 deste procedemento, presentou a documentación requirida na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (REXWEB2022029820) cumprindo coa requisitos establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas e técnicas e na Resolución Presidencial de requirimento, quedando por tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución das garantías definitivas correspondentes por importe de 390,00€ (carta de pago número operación 202200092573) para o Lote 1 e de 190,00€ (carta de pago nº de operación 202200092586) para o Lote 2.

Considerando o anteriormente exposto, que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, A Xunta de Goberno acorda por unanimidade

1.- Adxudicar os Lotes 1 e 2 do contrato para a prestación do “*Servizo integral de DDD (Desinsectación, Desratización e Desinfección) e control da lexiellosis nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” á empresa *Tragal, S.L. (B 36028231)*, polos prezos e valores ofertados, de acordo co seguinte detalle:

Lote 1. Servizo Integral DDD (Desinsectación, Desratización e Desinfección)

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE:	7.800,00 €
IVE (21%):	1.638,00 €
Importe total ofertado:	9.438,00 €

Lote 2. Control e tratamento da Lexionellosis

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE:	3.800,00 €
IVE (21%):	798,00 €
Importe total ofertado:	4.598,00 €



- O prazo de duración do contrato será de 1 ano a contar desde a data que figure no documento de formalización de cada un dos lotes do contrato. Contémplanse tres posibles prórrogas de 1 ano de duración cada unha.
- As obrigas que se deriven da execución do contrato, financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes a cada centro xestor, correspondéndolle o seguinte desglose por centro:

Lote 1. Servizo Integral DDD (Desinsectación, Desratización e Desinfección)

CENTROS LOTE 1	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)	IMPORTE FACTURA TRIMESTRAL	IMPORTE CORRESPONDENTE AO ANO 2022
COHESION SOCIAL (Instalaciones Tiempo Libre. La Lanzada)	231.3370.227.06	726,00 €	181,50 €	363,00 €
CENTRO PRINCIPE FELIPE (Ciudad Infantil)	232.2312.227.06	3.630,00 €	907,50 €	1.815,00 €
PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRAFICO	332.3322.227.10	580,80 €	145,20 €	290,40 €
MUSEO PROVINCIAL	333.3330.227.10	968,00 €	242,00 €	484,00 €
MEDIO AMBIENTE (Finca Mouriscade)	410.4120.227.10	242,00 €	60,50 €	121,00 €
ESCOLA DE CANTERÍA	324.3243.227.10	242,00 €	60,50 €	121,00 €
MEDIO AMBIENTE (Edificio Aperos Soutomaio)	410.4190.227.06	242,00 €	60,50 €	121,00 €
EF AREEIRO	413.4123.227.10	242,00 €	60,50 €	121,00 €
TURISMO RIAS BAIXAS (Castillo Soutomaio)	433.3360.227.10	145,20 €	36,30 €	72,60 €
TURISMO RIAS BAIXAS (Palacete y Oficinas)	433.4320.227.10	145,20 €	36,30 €	72,60 €
INFRAESTRUCTURAS E VIAS PROVINCIAIS (Parque Central, Gondomar y Lalín)	456.4530.227.10	484,00 €	121,00 €	242,00 €
SERVICIOS CENTRALES (Pazo, Edif. Admtivo y Sede Vigo)	920.9200.227.10	242,00 €	60,50 €	121,00 €
COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL (Imprenta Provincial)	924.9240.227.10	145,20 €	36,30 €	72,60 €
ORAL	932.9320.227.10	145,20 €	36,30 €	72,60 €
ORAL (Oficinas Perifericas)		484,00 €	121,00 €	242,00 €
COOPERACION (Viveros)	942.4330.227.10	580,80 €	145,20 €	290,40 €
COOPERACION (CSAE)	942.4331.227.10	96,80 €	24,20 €	48,40 €
SERVIZO ASISTENCIA INTERMUNICIPAL (CAAN Armenteira)	923.1705.227.10	96,80 €	24,20 €	48,40 €
		9.438,00 €	2.359,50 €	4.719,00 €



Lote 2. Control e tratamento da Lexionelosis

CENTROS LOTE 2	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)	IMPORTE CORRESPONDENTE AO ANO 2022
COHESION SOCIAL (Instalaciones Tiempo Libre. La Lanzada)	231.3370.227.06	968,00 €	484,00 €
CENTRO PRINCIPE FELIPE (Ciudad Infantil)	232.2312.227.06	968,00 €	484,00 €
MUSEO PROVINCIAL	333.3330.227.06	302,50 €	151,25 €
MEDIO AMBIENTE (Finca Mouriscade)	410.4120.227.06	242,00 €	121,00 €
ESCOLA DE CANTERÍA	324.3243.227.06	181,50 €	90,75 €
MEDIO AMBIENTE (Edificio Aperos Soutomaior)	410.4190.227.06	181,50 €	90,75 €
EF AREEIRO	413.4123.227.06	181,50 €	90,75 €
TURISMO RIAS BAIXAS (Palacete y Oficinas)	433.4320.227.06	181,50 €	90,75 €
INFRAESTRUCTURAS E VIAS PROVINCIAIS (Parque Central, Gondomar y Lalín)	456.4530.227.06	363,00 €	181,50 €
SERVICIOS CENTRALES (Pazo, Edif. Admtivo y Sede Vigo)	920.9200.227.06	242,00 €	121,00 €
COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL (Imprenta Provincial)	924.9240.227.06	181,50 €	90,75 €
COOPERACION (Viveros)	942.4330.227.06	242,00 €	121,00 €
COOPERACION (CSAE)	942.4331.227.06	181,50 €	90,75 €
Servizo Asistencia Intermunicipal (CAAN Armenteira)	923.1705.227.06	181,50 €	90,75 €
		4.598,00 €	2.299,00 €

Os importes previstos para os gastos que se deriven do presente contrato no ano 2023 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas referidas aplicacións orzamentarias así como á aprobación do correspondente orzamento provincial.

- Forma de pagamento: PARCIAL

Os pagamentos á empresa adjudicataria realizaranse contra a presentación das correspondentes facturas conforme ás seguintes especificacións para cada un dos Lotes:
 Lote 1: O prezo do contrato aboarase de xeito trimestral previa presentación da factura correspondente.
 O importe trimestral da factura de cada centro xestor, será o resultado de dividir entre 4 o prezo de adjudicación
 Lote 2: O prezo do contrato aboarase de xeito anual nunha única factura por centro xestor cuxo importe se corresponderá co prezo de adjudicación correspondente.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

- Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Servizo de Cohesión Social e Xuventude (Centro Vacacional A Lanzada)

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2021047872	
Órgano xestor:	LA0008004	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Centro Príncipe Felipe

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2021047872	
Órgano xestor:	LA0006112	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2021047872	
Órgano xestor:	LA0006115	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Museo de Pontevedra

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2021047872	
Órgano xestor:	LA0006116	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Servizo de Medio Ambiente

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2021047872	
Órgano xestor:	LA0006119	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135



Escola de Cantería

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2021047872	
Órgano xestor:	LA0006113	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

EF Areeiro

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2021047872	
Órgano xestor:	LA0006121	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Servizo de Turismo Rías Baixas

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2021047872	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2021047872	
Órgano xestor:	LA0006123	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Servizo de Arquitectura (Servizos Centrais)

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2021047872	
Órgano xestor:	LA0006124	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Servizo de Comunicación Institucional

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2021047872	
Órgano xestor:	LA0006130	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

ORAL

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2021047872	
Órgano xestor:	LA0006136	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Servizo de Asistencia Intermunicipal ("CAAN")

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2021047872	
Órgano xestor:	LA0006129	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



10.31771.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVICIO DE DESENVOLVEMENTO, XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA CONECTADAS 2022” (Expte.2021062235)

A Deputación de Pontevedra considera necesario favorecer o asociacionismo entre as mulleres xa que precisamente son as asociacións e federacións entre mulleres e as fundacións que teñen por obxecto a promoción das mesmas, as que coas súas actividades poidan incidir de forma directa na participación e promoción das mulleres na sociedade pontevedresa. Co obxecto de facilitar as ferramentas necesarias para mellorar a formación básica das mulleres na comunidade e conseguir favorecer as relacións interpersoais e intercambio de experiencias, mellorar a súa empregabilidade e mantemento no mercado de traballo.

A Xefa do servizo de Igualdade en data 13/12/2021 informa que debido a falta de recursos e de persoal especializado necesario para a impartición de todas as materias así como a especificación dos traballos a realizar, necesita acudir a unha contratación externa polo que propón a contratación dunha asistencia técnica encargada da organización e xestión do programa CONECTADAS 2022.

Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación e o catálogo de accións formativas a desenvolver, recollidas en cinco bloques: 1. Emprende: iniciativas sostibles para o emprego, 2. ExpresARTE, 3.- Conéctate, 4.- Sementa sustentabilidade, 5.- O teu momento. Coidado e Benestar.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión ordinaria de data 1 de abril de 2022, adoptou o acordo: “16.31542 -. *Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto, do “Servizo para o desenvolvemento, xestión execución do programa CONECTADAS 2022”.*”

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4/04/2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 21 de abril de 2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa acordando admitir as seguintes empresas:

- FOROX INNOVACIÓN S.L.U. (B-27742014)
- XESTIÓN CULTURAL AUREA S.L.(B-36394203)



A continuación a Mesa procede a apertura da documentación do sobre B correspondente aos criterios automáticos. As propostas presentadas son as seguintes:

FOROX INNOVACIÓN S.L.U. (B-27742014)

1. Menor prezo ofertado por obradoiro:

Importe sen o IVE:	1.180,00€
IVE (21 %):	247,80€
Importe ofertado por obradoiro: IVE incluído	1.427,80€
Importe ofertado 220 cursos IVE incluído	314.116,00€

2.- Persoal a maiores do esixido para a execución do programa (inclúe a responsable do programa, persoas coordinadoras e persoal administrativo):

Nº 10 persoa(s)

Nota: Ter en conta que o número máximo de persoas a ofertar é de 10.

3.- Persoal de xestión (inclúe a responsable do programa, persoas coordinadoras e persoal administrativo) con formación en igualdade (master en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero).

Nº 3 persoa(s)

Nota: Ter en conta que o número máximo de persoas a ofertar é de 5.

4.- Persoal de docencia con formación en Igualdade (master en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero):

Nº 15 docente(s)

5.- Aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adjudicataria naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade. SI Non

XESTIÓN CULTURAL ÁUREA S.L. (B-36.394.203)

1. Menor prezo ofertado por obradoiro:

Importe sen o IVE:	1.176,99€
IVE (.21 %):	247,17€
Importe ofertado por obradoiro: IVE incluído	1.424,16€
Importe ofertado 220 cursos IVE incluído	313.315,20€

2.- Persoal a maiores do esixido para a execución do programa (inclúe a responsable do programa, persoas coordinadoras e persoal administrativo):

Nº 0 persoa(s)

Nota: Ter en conta que o número máximo de persoas a ofertar é de 10.



3.- Persoal de xestión (inclúe a responsable do programa, persoas coordinadoras e persoal administrativo) con formación en igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero).

Nº 1 persoa(s)

Nota: Ter en conta que o número máximo de persoas a ofertar é de 5.

4.- Persoal de docencia con formación en Igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero):

Nº 0 docente(s)

5.- Aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adxudicataria naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade. SI Non

Feitas as valoracións de acordo cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas administrativas, as puntuacións acadadas no sobre B foron as seguintes:

	FOROX I.	XESTION CULTURAL A.
1.Precio ofertado por obradoiro	6,14	6,66
2. Persoal a maiores do esixido para a execución do programa	20	0
3.Persoal de xestión (inclúe a responsable do programa, persoas coordinadoras e persoal administrativo) con formación en igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero).	9	3
4.Persoal de docencia con formación en Igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero):	15	0
5. Aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adxudicataria naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade. SI <input type="checkbox"/> Non <input checked="" type="checkbox"/>	10	0
	60,14	9,66

A Mesa de contratación na súa reunión de data 28/04/2022 á vista das puntuacións obtidas acorda aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas, que queda da seguinte forma:

Posición	Empresas	Puntuación total
1ª	FOROX INNOVACIÓN S.L.U.	60,14
2ª	XESTION CULTURAL AUREA	9,66



Por Resolución Presidencial nº 2022003252 de data 29/04/2022 , requírese á empresa FOROX INNOVACIÓN S.L.U., para que achegue a documentación establecida no artigo 150.2 da LCSP.

Á empresa presenta a documentación requirida (REX_WEB 2022030308 de data 13/05/2022), entre a que se atopa a constitución da garantía definitiva por importe de 13.387,35€ que figura depositada na Caixa da Deputación co número de carta de pago nº 202200104877.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizo, cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Adxudicar á empresa *Forox Innovación S.L.U.* (B-27742014) mediante procedemento aberto do Servizo para o desenvolvemento, xestión e execución do programa Conectadas 2022, de acordo co seguinte prezo ofertado e detalle:

Importe por obradoiro sen o IVE:	1.180,00€
IVE (21 %):	247,80€
Importe por curso IVE incluído	1.427,80€
Importe ofertado 220 cursos IVE incluído	314.116,00€

- Persoal a maiores do esixido para a execución do programa (inclúe a responsable do programa, persoas coordinadoras e persoal administrativo): N° 10 persoas
- Persoal de xestión (inclúe a responsable do programa, persoas coordinadoras e persoal administrativo) con formación en igualdade (master en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero): N° 3 persoas
- Persoal de docencia con formación en Igualdade (master en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero): N° 15 docentes.
- Aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adxudicataria naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade. SI



SEGUNDO.- Autorizar a tramitación do gasto por importe total de 314.116,00€, con cargo a aplicación orzamentaria 2022/250.2315.227.07 do vixente orzamento provincial.

_O prazo de duración do contrato é de 9 meses a contar desde a data de formalización do contrato. Se estima a realización das accións formativas ata o 31 de decembro de 2022, en todo caso, ata a completa execución do programa.

Nos tres primeiros meses:

100% das entidades contactadas e visitadas (informe das instalacións)

10% das accións formativas iniciadas, excepto as relativas o bloque “O teu momento. Coidado e benestar”, que será do 50%

Calendarización de tódalas accións formativas.

Do terceiro ao sexto mes:

50% das accións formativas iniciadas, excepto as relativas o bloque “O teu momento. Coidado e benestar” que será do 100%.

Currículos do persoal docente.

Do sexto ao noveno mes:

100% das horas de formación impartidas.

_Forma de pagamento: O pagamento á empresa adxudicataria realizarase contra a presentación das correspondentes facturas unha vez rematadas as accións formativas.

As facturas deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Listaxe nominal das persoas participantes nas accións formativas.
- Memoria individual de cada unha das accións formativas acompañadas da documentación especificada no prego técnico páxinas 16 e 17.

Unha vez rematado o programa deberá achegarse unha Memoria final e Memoria de incidencias, e o xustificante de pagamento ao persoal docente para achegar ao expediente de cada acción formativa e deixar constancia así do correcto funcionamento do programa.

Cada factura será detallada identificando o número de expediente, o obxecto do contrato, o período de facturación, o importe facturado e a entidade local.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2021062235		
Órgano xestor:	LA0007803	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

11.31772.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVICIO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA EN RUTA COA DEPO 2022” (Expte. 2021054402)

A Deputación de Pontevedra, convoca o programa “*En ruta coa Depo 2022*”, cuxo obxectivo é mellorar a participación dos distintos colectivos sociais da provincia de Pontevedra, promovendo a igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade, así como garantir que as persoas con menos recursos poidan participar en actividades de ocio, que ao mesmo tempo fomentan o envellecemento activo nalgúns casos e alternativas de ocio e tempo de lecer para a poboación xuvenil da nosa provincia. Ao mesmo tempo, foméntase o turismo activo en todos os concellos, ofertando distintas rutas culturais e educativas, e dinamizando a hostelería local en calquera época do ano.

O programa conta con arraigo entre a poboación destinataria, de xeito que nos últimos anos incrementouse a participación chegando a cubrirse ata 20.000 prazas das cales 400 ofértanse de balde. O contido do Programa consiste en pasar un día de convivencia pola nosa provincia, incluíndose os traslados de ida e de volta en autobús desde os concellos de orixe, sendo en todo momento acompañados por persoal da empresa adxudicataria. As visitas serán guiadas por unha persoa que conte coa habilitación de guía de turismo especializado de Galicia.

A Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, remite ó Servizo de Contratación informe proposta (csv L9D4SYGHR2C74II7) e informe complementario, solicitando a incoación do expediente para levar a cabo a contratación do servizo de “Xestión, desenvolvemento e execución do programa “*En ruta coa Depo 2022*” dentro do ámbito dos programas de participación social.



A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión ordinaria de data 11 de marzo de 2022, adoptou o acordo: “18.31434 -. *Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa EN RUTA COA DEPO 2022”.*”

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 14/03/2022 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 16/03/2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 21 de abril de 2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa, e acorda admitir ás seguinte empresas:

- VIAJES EL CORTE INGLÉS. (A-28.229.813).
- HALCÓN VIAJES S.A. (A-10.005.510).
- NAUTALIA VIAJES S.L.(B-86.049.137).

A continuación procédese a descarga da documentación dos sobres B, correspondente ós criterios de valoración automática presentada polas empresas admitidas ó procedemento aberto convocado para a contratación do devandito servizo.

Os valores ofertados polas empresas admitidas constan no Certificado da Mesa de contratación do día 21/04/2022 co CSV K1E4BKTVN1UFW7K9.

Tras o exame das ofertas presentadas polas empresas admitidas, obsérvase que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a oferta presentada pola empresa *Halcón Viajes S.A.U.* presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo ofertado, polo que se lle requiriu para que xustificase a súa oferta.

A Mesa de contratación na súa reunión de data 28 de abril de 2022, da conta do informe presentado pola Xefa do Servizo de Cohesión Social, en relación a xustificación da baixa temeraria presentada por *Viajes Halcón S.A.U.*, e procédese polo Secretario da Mesa a requirir a empresa *Viajes Halcón SAU* para que no prazo máximo de tres día hábiles desde o envío da comunicación amplíe datos relativos a xustificación presentada sobre o valor anormal ou desproporcionado detectado na súa oferta.

Viajes Halcón S.A.U. achega as aclaracións á oferta presentada en data 29/04/2022 por rexistro electrónico da Deputación dando traslado da mesma a Xefa do servizo de Cohesión social para que emita informe.

En data 2/05/2022 a xefa do servizo de Cohesión social informa favorablemente ás aclaracións presentadas por *Viajes Halcón SAU.*



A Mesa de contratación na reunión de data 5/05/2022, da conta do informe presentado pola Xefa do servizo e cohesión social e procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre B “criterios automáticos” de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas que non están incursas en temeridade.

As puntuacións totais acadadas son as seguintes:

Empresas	Puntuación criterios automáticos							TOTAL
	Prezo unitario/praza	Desconto praza nenos/as de 0 a 3 anos	Desconto praza nenos/as de 4 a 12 anos	Melloras propostas	Incremento material promoción	Antigüidade dos autobuses	Inclusión de máis dun restaurante por ruta	
Halcon Viajes	40	19	19	10	3	3	6	100
Nautalia	32,99	19	19	10	3	3	6	92,66
Viajes El Corte Inglés	28,50	19	19	10	3	3	6	88,5

Á vista das puntuacións totais obtidas a Mesa de Contratación acorda, propoñer ó órgano de contratación, aceptar a xustificación da baixa temeraria, achegada por *Viajes Halcón SAU*, aprobar a clasificación, que queda da seguinte forma:

Posición	Empresas	Puntuación total
1ª	VIAJES HALCÓN SAU	100
2ª	NAUTALIA	92,66
3ª	VIAJES ELCORTE INGLÉS	88,5

E propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto, convocado para contratación do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa EN RUTA COA DEPO 2022 á empresa *Viajes Halcon S.A.*

Por Resolución Presidencial nº2022003487 de data 06/05/2022, requírese á empresa *Viajes Halcón, S.A.*, para que achegue a documentación establecida no artigo 150.2 da LCSP.

Á empresa *Viajes Halcón S.A.*, presenta a documentación requirida, entre a que se atopa a constitución da garantía definitiva por importe de 28.809,92€ que figura depositada na Caixa da Deputación co número de carta de pago nº 202200106979.



Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizo, cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Adxudicar mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, a contratación do *Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa EN RUTA COA DEPO 2022, á empresa Viajes Halcón S.A. (A-10005510), de acordo co seguinte detalle:*

1.- Prezo unitario ofertado por praza:

Importe sen o IVE:	18,80 €
IVE (21 %):	3,95 €
Importe total ofertado IVE engadido:	22,75 €

O número máximo de prazas ofertadas é de 20.000, que serán financiadas pola Deputación e as persoas participantes de acordo co sinalado no apartado 4.1 Réxime de financiamento do prego de cláusulas administrativas.

A Deputación non se compromete a contratar un número mínimo de prazas subvencionadas, xa que a cantidade dependerá do número de persoas pertencentes a cada entidade, que soliciten participar en cada unha das rutas, sempre sen superar o orzamento máximo previsto para o programa.

2.- Desconto ofertado por praza para nenos/as de 0 a 3 anos de idade:

De 12,00 a 13,50€	<input checked="" type="checkbox"/>
-------------------	-------------------------------------

3.- Desconto ofertado por praza para nenos/as de 4 a 12 anos de idade:

De 12,00 a 13,50€	<input checked="" type="checkbox"/>
-------------------	-------------------------------------

4.- Melloras propostas:

Merenda para os participantes	SI <input checked="" type="checkbox"/>
Botellín de auga a maiores nas comidas picnic	SI <input checked="" type="checkbox"/>



5.- Incremento do material de promoción e difusión do programa.

Trípticos informativos	
23.000 trípticos	<input checked="" type="checkbox"/>
Anuncios en prensa de ámbito provincial	
15 anuncios	<input checked="" type="checkbox"/>
Cuñas de radio de ámbito provincial	
40 cuñas de radio	<input checked="" type="checkbox"/>

6.- Antigüidade media dos autobuses (a 31 de decembro de 2021):

Ata 5 anos de antigüidade	<input checked="" type="checkbox"/>
---------------------------	-------------------------------------

7.- Inclusión de máis dun restaurante por ruta. Sinalar cun x a opción elixida.

Oferta 3 restaurantes	<input checked="" type="checkbox"/>
-----------------------	-------------------------------------

SEGUNDO.- Autorizar a tramitación do gasto por importe total de 432.600,00€, con cargo a aplicación orzamentaria 2022/231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial.

_Forma de pagamento:

O pago do prezo realizarase contra a presentación da correspondente factura, dentro dos 15 primeiros días do mes seguinte á realización da actividade, salvo autorización expresa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

Esta factura virá acompañada da seguinte documentación:

- Relación de entidades que participaron nas saídas, indicando o nome completo da entidade, o número de participantes, ruta e concello de orixe.
- Memoria individual de cada saída efectuada, na que consten os seguintes documentos:
 - Copia da transferencia bancaria ou documento onde conste o nome da entidade, número de participantes, cantidade aboada e data.
 - Certificado de participación final e avaliación para o responsable da entidade, no que conste o nome da entidade, número de participantes polo que se fixo o ingreso, número de participantes finais que acudiron a saída, data e sinatura do representante da entidade (segundo o modelo). Este certificado debe ser cuberto e firmado o día da saída.
 - Resumo da saída cuberto polo guía no que conste se houbo algunha incidencia, a súa valoración ó respecto e a súa sinatura (segundo o modelo).



- Fotografías en grupo dos lugares visitados.
- Fotografía do autocar ou autocares empregados
- Fichas dos autobuses utilizados nas saídas (estas tamén deberán ser previamente entregadas vía telemática cunha antelación de dous días á realización da ruta)
- Enquisas de avaliación dos participantes - Xustificante de entrega do material .

Serán aboadas unha vez emitido o correspondente informe favorable ou de conformidade do responsable do contrato.

Cada factura será detallada identificando o número de expediente, o obxecto do contrato, o período de facturación, o importe facturado e a entidade local.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2021054402	
Órgano xestor:	LA0008004	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

TERCEIRO.- Designar como responsable do contrato a Xefa do servizo de cohesión social e xuventude.

12.31773.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, CAMPUS CIP, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SERVIZO DE FORMACIÓN DO PROXECTO LABORA 2020, COFINANCIADO NUN 80% POLO FSE (LOTE 3)” (Expte. 2019026833)” (Devogarán. 2022034166)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 27 de decembro de 2019 (CSV.- OB57WK26M6O1CW43), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de formación do proxecto LABORA 2020, cofinanciado nun 80% polo FSE*”.



Para responder da realización do deste servizo, a empresa *Campus CIP, S.L.* (CIF.- B-70166756), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 2.025,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900226082 de 10/12/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no cal se informa que se xustifica o cumprimento da acción formativa do itinerario do Proxecto LABORA 2020 (Lote 3), polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Campus CIP, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de formación do Proxecto LABORA 2020, cofinanciado nun 80% polo FSE (Lote 3)*” (Expte.2019026833), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval bancario da entidade *BBVA*, por importe de 2.025,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial con número de operación 201900226082 de data 10/12/2019.

13.31774.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SERVIZO DE FORMACIÓN DO PROXECTO LABORA 2020, COFINANCIADO NUN 80% POLO FSE (LOTES 10 E 21)” (Expte.2019026833) (Devogarán. 2022036364)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 27 de decembro de 2019 (CSV.- OB57WK26M6O1CW43), adxudicouse, entre outros asuntos, o contrato relativo a “*Servizo de formación do proxecto LABORA 2020, cofinanciado nun 80% polo FSE*”.



Para responder da realización dos lotes 10 e 21 deste servizo, a entidade financeira *G12 Grupo Empresarial de Servizos, S.L.* (CIF.- B-36.993.509), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos seguintes importes:

EMPRESA	LOTE	DENOMINACIÓN	IMPORTE
G12 Grupo Empresarial de Servizos, S.L. (B-36993509)	10	Dinamización de actividades de tempo libre educativo, infantil e xuvenil	3.809,70€
	21	Competencias clave para a obtención do nivel 2 (galego, lingua e matemáticas)	3.306,53€

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no cal se informa que se xustifica o cumprimento da acción formativa do itinerario do Proxecto LABORA 2020 (Lotes 10 e 21), polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución das garantías definitivas constituídas ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación as constituicións por parte da entidade financeira *G12 Grupo Empresarial de Servizos, S.L.*, dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e nos que igualmente informa favorablemente ás devolucíons das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de formación do proxecto LABORA 2020, cofinanciado nun 80% polo FSE (Lotes 10 e 21)*” (Expte. 2019026833), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade financeira *G12 Grupo Empresarial de Servizos, S.L.*, por resultar adxudicataria dos LOTES 10 E 21 de dito contrato e que son as seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BBVA*, por importe de tres mil oitocentos nove euros con setenta céntimos (3.809,70 €), para responder do contrato de “*Servizo de formación do proxecto LABORA 2020, cofinanciado nun 80% polo FSE (Lote 10)*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/12/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900225343.



- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BBVA*, por importe de tres mil trescentos seis euros con cincuenta e tres céntimos (3.306,53 €), para responder do contrato de “*Servizo de formación do proxecto LABORA 2020, cofinanciado nun 80% polo FSE (Lote 21)*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/12/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900225339.

14.31775.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, PIXFOR- PROFESIONAIS DA INNOVACIÓN, XESTIÓN EMPRESARIAL E FORMACIÓN, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SERVIZO DE FORMACIÓN DO PROXECTO LABORA 2020, COFINANCIADO NUN 80% POLO FSE (LOTES 17)” (Expte.2019026833) (Devogarán 2022036365)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 27 de decembro de 2019 (CSV.- OB57WK26M6O1CW43), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de formación do Proxecto LABORA 2020, cofinanciado nun 80% polo FSE*”.

Para responder da realización do deste servizo, a empresa *Pixfor- Profesionais da Innovación, Xestión Empresarial e Formación, S.L.* (CIF.- B-94051513), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 2.019,91€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900230413 de 16/12/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no cal se informa que se xustifica o cumprimento da acción formativa do itinerario do Proxecto LABORA 2020 (Lote 17), polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Pixfor- Profesionais da Innovación, Xestión Empresarial e Formación, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de formación do Proxecto LABORA 2020, cofinanciado nun 80% polo FSE (Lote 17)*” (Expte. 2019026833), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval bancario da entidade *ABANCA*, por importe de 2.019,91 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial con número de operación 201900230413 de data 16/12/2019.

15.31776.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES -FESAN-, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SERVIZO DE FORMACIÓN DO PROXECTO LABORA 2020, COFINANCIADO NUN 80% POLO FSE (LOTES 18)” (Expte.- 2019026833) (Devogarán 2022036366)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 27 de decembro de 2019 (CSV.- OB57WK26M6O1CW43), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de formación do Proxecto LABORA 2020, cofinanciado nun 80% polo FSE*”.

Para responder da realización do deste servizo, a empresa *Fundación de Estudos e Análises -Fesan-* (CIF.- G-15597669), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 2.047,03€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900220305 de 09/12/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no cal se informa que se xustifica o cumprimento da acción formativa do itinerario do Proxecto LABORA 2020 (Lote 18), polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade *Fundación de Estudos e Análises -Fesan-*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de formación do Proxecto LABOR A 2020, cofinanciado nun 80% polo FSE (Lote 18)*” (Expte. 2019026833), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval bancario da entidade *BANCO SANTANDER*, por importe de 2.047,03 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial con número de operación 201900220305 de data 09/12/2019.

16.31777.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE OBRIGAS

Vista a relación de facturas con número 2022036786 que contén seis facturas e por un importe de 1.482,58 € e con CSV: 0JFUA4G35M4POIMZ, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 19 de maio de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	1.512,58€
Descontos do IRPF.....	30,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	1.482,58€

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



17.31778.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES

Vista a relación de facturas con número 2022036478 que contén 1 factura e por un importe de 2.892,99€ e con CSV: MM4CEMJF0OE2MCPU, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 19 de maio de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	2.892,99€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	2.892,99€

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

18.31779.- ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004168 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE V: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE AGOLADA, BAIONA, BARRO, BUEU E CALDAS DE REIS” (Expte. 2020024317)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista da Resolución favorable a solicitude de modificación das condicións iniciais relativas ao prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004168 “Iluminación exterior sostible V: renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de Agolada, Baiona, Barro, Buen e Caldas de Reis”, e co obxecto de aceptar a Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022013467 e data 18/05/2022, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. Antecedentes:

Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.



O 07/07/2020 preséntase ante o IDAE o citado proxecto “Iluminación exterior sostible V: renovación das instalacións do alumeadado exterior dos municipios de Agolada, Baiona, Barro, Bueu e Caldas de Reis”, asignándosele o rexistro núm. 202000007762. Tras a súa avaliación, en data 17/06/2021 (rexistro de entrada número: 2021015343) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo a FEDER por importe de 798.331,16 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004168.

O obxecto do proxecto consiste na mellora da eficiencia enerxética das instalacións de alumeadado, iluminación e sinalización exterior dos Concellos. Con estas actuacións conseguirase un aforro estimado no consumo da enerxía eléctrica da instalación reformada en polo menos, un 30%.

Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:

Importe da axuda concedida

Conceder a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 798.331,16€

Custe elixible admitido para o proxecto

O custe elixible admitido é o seguinte:

Municipio	Medida	Instalación	Inversión total admitida	Coste elixible admitido	*Coste subvencionable admitido	Axuda a outorgar (cofinanciación FEDER)
AGOLADA	Medida 6	Alumeadado exterior Agolada	200.402,05	200.402,05	200.402,05	160.321,64
BAIONA	Medida 6	Alumeadado exterior Baiona	190.638,55	190.638,55	190.638,55	152.510,84
BARRO	Medida 6	Alumeadado exterior Barro	192.656,97	192.656,97	192.656,97	154.125,57
BUEU	Medida 6	Alumeadado exterior Bueu	185.600,34	185.600,34	185.600,34	148.480,27
CALDAS DE REIS	Medida 6	Alumeadado exterior Caldas de Reis	228.616,05	228.616,05	228.616,05	182.892,84
		Total	997.913,96	997.913,96	997.913,96	798.331,16

Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.



Condições e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.

O prazo máximo para a conclusión das actuacións acollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirexional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 02 de xullo de 2021, adoptou, entre outros, o acordo número 9.30506 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004168 “Renovación das instalacións do alumeadado exterior dos municipios de Agolada, Baiona, Barro, Bueu e Caldas de Reis” (expte.2020024317).

Con data 26/04/2022, con número de rexistro no IDAE 202200009392, ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda polas seguintes causas: “A pesar de iniciarse o procedemento de dentro do prazo a súa formalización acumulou incidencias, debido a necesidade de xustificar por parte do licitador un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado nun dos lotes, que non permitiron formalizar os correspondentes contratos administrativos e, consecuentemente, iniciar os traballos necesarios para a redacción dos proxectos e a dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior do proxecto IDAE núm.FEDER-EELL-2020-004168”.

Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 18/05/2022 e con rexistro de entrada número na Deputación de Pontevedra 2022013467, recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a formalización das contratacións das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modificar a resolución de data 17/06/2021, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 798.331,16 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-004168. Neste sentido no prazo máximo de (1) un ano + seis (6) meses de ampliación de prazo desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.

A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condicións económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.



II. *Fundamentación xurídica:*

Normativa examinada:

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004530 "Iluminación exterior sostible VIII: renovación das instalacións do alumado exterior dos municipios de Mondariz, Moraña, Mos, Poio e Ponte Caldelas" (expediente 2020026706), de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.



IV. Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación

(documento asinado electronicamente á marxe)

Marina Piñeiro Novo”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 18/05/2022, e da Intervención Provincial de data 19/05/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptación da modificación do prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda do expediente IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004626 “*Iluminación exterior sostible VIII: renovación das instalacións do alumeadado exterior dos municipios de Mondariz, Moraña, Mos, Poio e Ponte Caldelas*” (Expte.2020026706)”, aprobado mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022013469 e data 18/05/2022, estendéndose dito prazo ata o 29/12/2022.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE)*, ós concellos beneficiarios, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

21.31782.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR LESIÓNS E DANOS MATERIAIS NO CONCELLO DE BARRO (Expte. 2022031051)

Dada conta que con data 29/04/2022 (núm. rex. 2022011575), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Manuel L. Silva Constenla en representación de *Dª. Mª. del Mar Abal Bao e de Dª. Alicia Martínez Abal*, por lesións e danos materiais producidos en accidente de circulación que tivo lugar a consecuencia da presenza de sustancias deslizantes na estrada PO-226 de Cuntis (N-640) a Porrás (N-550), no Concello de Barro, o día 09/01/2022, e que foi cuantificada economicamente en 6.335,05 €.



Resultando.- Que con data 12/05/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas desta Deputación, que o emitiu na data 18/05/2022, co seguinte contido:

A estrada PO-226 de Cuntis (N-640) a Porrás (N-550), forma parte do inventario da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEGA).

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE cerrar

Catálogo Visual de Estradas Condições de uso e información sobre protección de datos persoais Manual

Provincia Treito

Estrada Rede

Punto quilométrico

Calzada (m)	<input type="text" value="6,9"/>	Pendente (%)	<input type="text" value="2,4"/>	UTM X	<input type="text" value="531.501"/>
Nº de Carrís	<input type="text" value="2"/>	Radio de Curvatura	<input type="text" value="1.850"/>	UTM Y	<input type="text" value="4.711.250"/>
Beiravía Esquerda (m)	<input type="text" value="1"/>			UTM Z	<input type="text" value="106"/>
Beiravía Dereita (m)	<input type="text" value="1"/>				

Liña Referencia



Data da toma de imaxes 04/08/2016
Cancello: Barro

Avance Manual (m)

<| -50 -10 +10 +50 |>

Avance Automático

min max

<<< PARAR >>>

Información mantida pola Xunta de Galicia.
Servizo prestado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Por tanto, o lugar onde aconteceu o incidente non pertence á rede provincial senón que é competencia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.

María Belén Pampín Camino

Enxeñeiro

Daniel Romay Díaz

Director de Infraestruturas e Vías Provinciais _____

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante ela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.



Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en estradas que non sexan da súa titularidade demanial.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que “*En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO*”.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

22.31783.- SUBSTITUCIÓN DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚM. 3.30675, DO DÍA 06/08/2021, POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BUEU, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2021- LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE AXARDINAMENTO DO ENTORNO DA IGREXA DE SAN MARTIÑO DE BUEU” (Expte. 2021016923)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021*”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 04/01/2021.

En data 06/08/2021, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 3.30675, concedeuse ao *Concello de Bueu*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, subvención por importe de 135.531,29 €, con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto de axardinamento do entorno da igrexa de San Martiño de Bueu*”, cun orzamento polo mesmo importe de 135.531,29 €, condicionada a autorización sectorial de Patrimonio Cultural, a presentación do acordo de aprobación do proxecto e da acta de trazado previo.



En data 26/04/2022, consta entrada na sede electrónica da Deputación, con rexistro núm. 2022010921, instancia do Concello de BUEU na que manifesta a necesidade de realizar un cambio de proxecto debido a que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, aínda que emite un informe favorable respecto á protección do patrimonio cultural, imponse ao concello un condicionante relativo a nova implantación do hórreo que, tal é como indica o técnico municipal, non lle é posible emendar o concello, renunciado así a súa montaxe.

Neste contexto, o concello achega un novo proxecto, adaptado á nova situación, indicando a súa vez que este cambio non supón un cambio no importe do seu orzamento nin no importe da subvención inicialmente concedida que importa 135.531,29 €.

O concello non aporta o Anexo II (acta de trazado previo) nin o acordo de aprobación do proxecto presentado pois na data non conta coa autorización sectorial que precisa ante a nova situación.

O concello solicita a súa conformidade por parte desta administración, de forma que o investimento se poida executar nos termos establecidos polo concello.

Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
- Regulamento de Bens das Corporacións Locais RD 1372/1986, de 13 de xuño.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas.
- RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente:

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2021, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.
- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do enxeñeiro xefe de Cooperación, de data 18/05/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 18/05/2022 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial, de data 19/05/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto técnico que figura no expediente 2021016923, constando en dito expediente o acordo da Xunta de Goberno núm. 3.30675, do día 06/08/2021 polo que se concede ao *Concello de Buen*, CIF: P3600400J, a cantidade de 135.531,29€ con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto de axardinamento do entorno da igrexa de San Martiño de Buen*”.
- O novo proxecto presentado non modifica o orzamento orixinal, nin altera o obxecto nin a finalidade do investimento e co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros.
- O resto do acordo da xunta de goberno núm. 3.30675, do día 06/08/2021, permanecerá invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Buen*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

23.31784.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE GONDOMAR AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte. 2022004540)

En relación á petición presentada polo *Concello de Gondomar*, CIF núm. P3602100D, para modificar o acordo de concesión dunha axuda ao abeiro das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, no marco da Liña 3: emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais – aprobada por acordo da Xunta de Goberno do 11 de febreiro de 2022, punto núm. 13.31257, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, para financiar actuacións e investimentos que teñan encaixe nas diferentes Liñas do Plan. As propostas deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Ditas bases foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 230 do 27/11/2021.



Segundo.- Á vista da documentación obrante nos expedientes de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e do Servizo de Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 11 de febreiro de 2021, punto núm. 13.31.257, aprobouse a concesión dunha axuda ó abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 correspondente á Liña 3: Emprego para Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais, mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2022/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.

Terceiro.- No caso do *Concello de Gondomar*, concedéuselle unha axuda conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE GONDOMAR				
LIÑA 3: importe máximo que se podería destinar a esta liña				221.687,72 €
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
10	<i>6 peóns obras públicas, 1 auxiliar administrativo/a, 2 condutores/as e 1 técnico/a en turismo a xornada completa durante 6 meses</i>	117.225,07 €	0,00 €	117.225,07 €

Cuarto.- Non obstante, o concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2022021056 do 08/04/2022 (emendado en data 28/04/2022, rexistro núm. WEB2022025996) solicita modificar o acordo de concesión da axuda, motivado polo necesario reaxuste do número de contratacións, o importe do orzamento e o importe da axuda concedida, debido á imposibilidade de realizar a totalidade das contratacións previstas inicialmente.

Fundamentos xurídicos:

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.



- Base 5.2 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, que sinala que os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada das liñas 2 e 3 a incrementar o importe da Liña 1. En todo caso, o Concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á Liña 1. Os traspasos entre liñas arriba referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- Base décimo sétima do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 no referente ás modificacións das resolucións de concesión das subvencións, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, permítese a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do un de novembro de 2022. A modificación non poderá implicar unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. No caso de supoñer un importe inferior, poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.

Conclusións:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar ás novas circunstancias e necesidades de contratación a solicitude de axuda por mor da imposibilidade de realizar as contratacións previstas inicialmente, o interesado solicita modificar o número das contratacións, o importe do orzamento e o importe da axuda concedida con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE GONDOMAR				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	<i>6 peóns obras públicas, 1 auxiliar administrativo/a, 1 condutor/a para manexo de maquinaria (pá) e 1 técnico/a en turismo a xornada completa durante 6 meses</i>	105.568,26 €	0,00 €	105.568,26 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases. Esta modificación non implica variación económica algunha ó alza. O importe sobrante poderá destinarse á Liña 1, nos termos establecidos nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, para o cal o concello deberá presentar a correspondente solicitude unha vez notificado o acordo de modificación desta axuda.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, informo favorablemente a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 11 de febreiro de 2022, punto núm. 13.31257, no referente á axuda concedida ó Concello de Gondomar, CIF núm. P3602100D, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Gondomar (P3602100D)	9	<i>6 peóns obras públicas, 1 auxiliar administrativo/a, 1 condutor/a para manexo de maquinaria (pá) e 1 técnico/a en turismo a xornada completa durante 6 meses</i>	105.568,26 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

Réxime competencial:

En virtude do establecido no artigo 16.4 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, na base 16ª.2 c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

En consecuencia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 11 de febreiro de 2022, punto núm. 13.31257, no referente á axuda concedida ó *Concello de Gondomar*, CIF núm. P3602100D, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Gondomar (P3602100D)	9	<i>6 peóns obras públicas, 1 auxiliar administrativo/a, 1 condutor/a para manexo de maquinaria (pá) e 1 técnico/a en turismo a xornada completa durante 6 meses</i>	105.568,26 €

Esta modificación respecta os criterios establecidos nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, Liña 3: Emprego para Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais, e non se estima que produza prexuízo a dereitos de terceiros, se ben unha vez aprobada polo órgano competente, o concello deberá tramitar a solicitude de aboo dos anticipos correspondentes conforme ás novas condicións da subvención reformulada.



O importe sobrante non aplicado á Liña 3 tras esta modificación, poderá destinarse á Liña 1 nos termos establecidos nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, para o cal o concello deberá presentar a correspondente solicitude, xunto a restante documentación pertinente, unha vez notificado o acordo de modificación da concesión.

Esta subvención imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

2. Darlle traslado do acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

24.31785.- OUTORGAMENTO DA CONDICIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS DO PROXECTO “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA 2022/2023 NO MARCO DO PLAN DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE (Expte. 2022014749)

Resultando que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 26 de novembro de 2021, aprobou o Plan de fomento da empregabilidade da Deputación de Pontevedra (acordo nº 28.31031) e está composto, entre outros, polo proxecto “*Primeira experiencia profesional*” nos concellos da provincia de Pontevedra.

Resultando que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 8 de abril de 2022, adoptou, entre outros, o acordo (nº 3.31569) de aprobación das bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o citado proxecto que foron publicadas no BOPPO nº 74 do 19 de abril de 2021.

Resultando que finalizado o prazo de presentación a totalidade das solicitudes recibidas, que ascenden a 36, cumpren os requisitos esixidos nas bases para obter a condición de entidades colaboradoras.

Considerando que a instrución do procedemento realizouse de conformidade co previsto nas bases do citado proxecto e en concordancia co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

En virtude de iso, vistas todas as solicitudes presentadas e visto o informe-proposta do xefe de servizo de Promoción de Emprego de data 24 de maio de 2022 que di:” (...) *A través desta subvención financiarase unha parte do custo laboral total dun contrato formativo que deberá ser por un período máximo dun ano a tempo completo. O salario non poderá ser inferior ao 70% para o grupo profesional e nivel retributivo correspondente ao nivel de estudos e funcións desempeñadas e, en ningún caso, poderá ser inferior ao SMI vixente.*



As entidades colaboradoras deberán completar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios anteriormente indicados asumindo o custo total da Seguridade Social e demais conceptos salariais que poidan derivar da relación contractual con cada persoa traballadora baixo a modalidade de contrato formativo.

(...)

A contía máxima das subvención que se concederán por cada contrato formativo segundo o nivel de estudos serán as seguintes:

<i>I. Nivel de estudos</i>	<i>Importe máximo mensual</i>	<i>Importe máximo anual da subvención</i>
<i>Licenciatura, grao ou diplomatura</i>	<i>1.300,00 €/mes</i>	<i>15.600,00 €</i>
<i>Ciclo superior de formación profesional</i>	<i>1.100 €/mes</i>	<i>13.200,00 €</i>
<i>Ciclo medio de formación profesional</i>	<i>900,00 €/mes</i>	<i>10.800,00 €</i>

Vista a dilixencia de fiscalización e conforme de intervención en relación ao informe proposta do servizo de Promoción de Emprego de data 24 de maio de 2022.

Por todo o exposto, e de conformidade co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais lexislación concordante de aplicación e nas bases reguladora e convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o proxecto “*Primeira experiencia profesional*” nos concellos da provincia de Pontevedra 2022/2023 no marco do Plan de fomento da empregabilidade., a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Outorgar ós concellos solicitantes a condición de entidades colaboradoras que se relacionan no Anexo I xunto co número de contratos, nivel de estudos solicitado, a duración e a contía de subvención.

Transcorrido o prazo de 10 días, contados desde o día seguinte á publicación no BOPPO, sen que se produciise manifestación expresa da aceptación por parte das persoas beneficiarias entenderase tacitamente aceptada, de acordo co artigo 21.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

2º Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 22/240.2410.489.00 polo importe total de 613.200,00€ para cada un dos concellos que figuran como entidades colaboradoras seleccionadas e na contía que se relaciona no Anexo I. Así mesmo, autorizar o gasto por un importe de 613.200,00€ na aplicación, que será no seu caso, 23/240.2410.489.00 quedando condicionada á aprobación do orzamento do exercicio 2023.

3º Publicar o acordo no BOPPO e na web da institución provincial e a súa notificación, no seu caso, ás partes interesadas.



Dito anexo é como segue

ANEXO I
RELACIÓN DE CONCELLOS SOLICITANTES QUE ADQUIREN A CONDICIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS

Cód. expediente	CIF	Concello	Nº Contratos	Nº prazas solicitadas	Nivel de estudos	Importe	Duración	Max anualidade 2022	Max anualidade 2023
2022032728	P3602000F	Agolada	1	1	Ciclo medio de formación profesional	900,00€/mes	1 ano máximo	5.400,00 €	5.400,00 €
2022030839	P3600200D	Barro	1	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022033038	P3600400J	Bueu	3	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
				1	Licenciatura, grado o diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
				1	Licenciatura, grado o diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032739	P3600500G	Caldas de Reis	2	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
				1	Licenciatura, grado o diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032986	P3600600E	Cambados	4	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
				1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
				1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
				1	Licenciatura, grado o diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032933	P3600800A	Cangas	4	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
				1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
				1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
				1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022032861	P3600900I	Cañiza, A	2	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
				1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €



2022029577	P3601000G	Catoira	2	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
				1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022031289	P3601300A	Covelo	1	1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032947	P3601500F	Cuntis	1	1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022031996	P3601800J	Forcarei	2	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022031306	P3602300J	Guarda, A	2	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022033040	P8600004I	Illa de Arousa, a	2	1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032873	P3602600C	Marín	4	1	Ciclo medio de formación profesional	900,00€/mes	1 ano máximo	5.400,00 €	5.400,00 €
				1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032536	P3602700A	Meaño	2	1	Ciclo medio de formación profesional	900,00€/mes	1 ano máximo	5.400,00 €	5.400,00 €
				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022029623	P3602800I	Meis	1	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022032350	P3602900G	Moaña	4	1	Ciclo medio de formación profesional	900,00€/mes	1 ano máximo	5.400,00 €	5.400,00 €
				1	Ciclo medio de formación profesional	900,00€/mes	1 ano máximo	5.400,00 €	5.400,00 €
				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022029659	P3603100C	Mondariz balneario	1	1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €



2022028616	P3603200A	Moraña	2	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
				1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022032848	P3603400G	Neves, as	1	1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032867	P3603500D	Nigrán	4	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022032867				1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022032867				1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022032867				1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022031807	P3604800G	O Rosal	2	1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022031807				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032111	P3604200J	Ponteareas	1	1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032931	P3603900F	Porriño	4	1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032931				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032931				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032931				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032869	P3604500C	Redondela	4	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022032869				1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022032869				1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022032869				1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022033041	P3604600A	Ribadumia	2	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022033041				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032732	P3604700I	Rodeiro	1	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €



2022032576	P3605100A	Sanxenxo	4	1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032576				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032576				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032576				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022030801	P3605200I	Silleda	2	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022030801				1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022032202	P3605300G	Soutomaior	2	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022032202				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032862	P3605400E	Tomiño	4	1	Ciclo medio de formación profesional	900,00€/mes	1 ano máximo	5.400,00 €	5.400,00 €
2022032862				1	Licenciatura, grado o diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032862				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032862				1	Licenciatura, grado o diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032951	P3605500B	Tui	2	1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032951				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022028615	P3605600J	Valga	2	1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022028615				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032688	P3605900D	Vila de cruces	2	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022032688				1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022029597	P3606000B	Vilagarcía de Arousa	4	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022029597				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022029597				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022029597				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €



2022032032	P3606100J	Vilanova de Arousa	4	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022032032				1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2022032032				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
2022032032				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €

25.31786.- COMUNICACIÓNS

Dáse conta de sentenzas, autos, decretos, providencias e resolucións doutras administracións, levadas polo servizo de Asesoría Xurídica desta Deputación:

SENTENZAS FAVORABLES PRESIDENCIA

01. Providencia do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, que inadmite a trámite o recurso de casación núm. 60/21 interposto contra auto de 17/02/2020, ditado no incidente de execución do procedemento ordinario 4014/2001, promovido pola Plataforma Defensora Praza dos Praceres contra a aprobación do “Plan Especial Porto Marín-Pontevedra”.

Con data 17/03/2005 ditouse Sentenza polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, recaída nos autos 4014/2001, desestimando o recurso interposto pola “Plataforma Defensora Praza dos Praceres” contra a resolución da CPTOPV de 03/10/2020 pola que se acordou a aprobación definitiva do “Plan Especial do Porto de Marín-Pontevedra”, que, recorrida a súa vez, foi revocada pola Sentenza de data 30/10/2009 ditada polo Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 5ª recaída no recurso de casación nº 3371/2005 e que foi ratificada pola Sentenza de data 27/6/2014, ditada tamén polo Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 5ª recaída no recurso de casación nº 1776/2013 interposto contra o Auto de data 22/2/13 sobre denegación de execución de sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª e que motivou a Providencia de data 19/9/14 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª na que requiriu a Presidencia da Autoridade Portuaria de Marín para o cumprimento do fallo baixo a advertencia de multas coercitivas e dedución de testemuña para a esixencia de responsabilidade penal, que foi recorrida en reposición e desestimada por Auto de 24/01/2015 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª e contra o que se interpuxo recurso de queixa perante o Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 3ª que foi estimado polo Auto de data 11/06/2015 e que viabilizou o recurso de casación estimado pola Sentenza de data 08/02/2017 ditada polo Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 5ª que remitiu os autos, para a determinación dos recheos a demoler, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso, Sección 2ª, que, a súa vez, nomeou perito xudicial o que, rendido o informe,



motivou o ditado do Auto de data 17/02/2020 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª no cal se declarou completamente executada a sentenza, e contra o cal interpúxose recurso de casación inadmitido a trámite pola Providencia do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, no ámbito do recurso de casación núm. 60/21, providencia esta da que agora se da conta.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da mesma.

SENTENZAS PARCIALMENTE FAVORABLES RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL

02. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada no procedemento ordinario nº 248/20, promovido pola Comunidad de Propietarios Edificio Alivio, contra desestimación de reclamación patrimonial por danos no Concello de Tomiño.

Dada conta que con data 10 de maio de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza nº 93/22 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída no procedemento ordinario nº 248/20 promovidos pola *Comunidad de Propietarios Edificio Alivio*, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial, por danos a consecuencia das obras de *“Mellora da conexión entre a E.P. 3102 Tomiño-Sabaris e a PO-344 ó seu paso polo núcleo urbano de Seixo (Tomiño)”* na reclamaban inicialmente a cantidade de 119.763,02 €, mais os intereses legais dende a data de presentación da reclamación en vía administrativa) na que se estima parcialmente a demanda, establecendo unha concorrencia de culpas a partes iguais dun 50% condenando a aboar os demandantes a cantidade de 59.881,51 €, actualizada co índice de garantía de competitividade dende a data de presentación da reclamación en vía administrativa, sen imposición de custas e cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.

SENTENZAS DESFAVORABLES PRESIDENCIA

03. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada nos autos de Derechos Fundamentais nº 432/21, promovidos por Jorge Cubela López e outros deputados, sobre denegación da solicitude de convocatoria de pleno.

Dada conta que con data 18 de maio de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza nº 120/22 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (recaída nos autos de Derechos Fundamentais nº 432/21 promovidos por *Jorge Cubela López* e outros deputados, contra a resolución do Deputado delegado de data 16/12/2021 que acordaba a denegación da petición de convocatoria de pleno extraordinario da Deputación Provincial de Pontevedra) na que se estima a demanda.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza contra a que cabe interpor o corresponde recurso de apelación.



26.31787.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.